



ORDENANZA 3.22
TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E
CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 20.A) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público consistente na ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, a que se refire o art.20.3.I) do TRLFL, e que se rexerá pola presente Ordenanza e cuas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible a ocupación de terreos de uso público local con mesas e cadeiras, con finalidade lucrativa, nos termos sinalados no artigo 111 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria a favor das que se outorguen as licencias, e os que carecendo da oportuna autorización se beneficien do aproveitamento .

Artigo 4º. Base imponible

1. A base imponible estará constituída polo número de metros cuadrados de superficie de dominio público ocupado polas mesas e cadeiras.
2. Os metros cuadrados de ocupación a efectos do cálculo da taxa serán, como mínimo, os que resulten de multiplicar ó número de mesas realmente colocadas polo módulo de 2.5 según o artigo 111.2 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública.

Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria resultara de aplicar á base ó valor de 18,030363 €
2. Asemesmo sobre as devanditas cotas aplicaránse os índices de situación establecidos para o cálculo da débeda tributaria no IAE según a categoría de rúa donde se encontren ubicados as mesas e cadeiras

3. Sobre as cotas anteriores aplicarásese o coeficiente 1.5 no caso de autorizacións anuais para a ocupación de dominio público con mesas e cadeiras, con finalidade lucrativa. A estes efectos, e segundo dispón o artigo 111.3 da Ordenanza Xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago, entenderásese por autorización de temporada as que vaian desde o 1 de marzo ata o 30 de outubro, e por anuais as que autoricen a instalación desde o 1 de xaneiro ó 31 de decembro.
4. En todo caso, e con carácter mínimo, esixirásese unha cota de 60,10 €

Artigo 6º. Periodo impositivo e devengo

1. No caso de ocupacións permanentes, ó período impositivo coincide co ano natural, agás cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, caso no que abarcará dende a data da concesión da autorización municipal ata o remate do ano natural. Polo que respecta os casos de autorización de temporada ó período impositivo iniciase o 1 de marzo e finaliza o 31 de outubro
2. A taxa devéngase o 1 de xaneiro de cada ano nos supostos de autorización anual e o 1 de marzo nos casos de autorización de temporada e as cotas serán irreducibles, agás cando nos casos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a data de inicio non coincida coa data do devengo, de tal xeito que neste caso as cotas calcularásense proporcionalmente ó número de semestres naturais no suposto de autorización anual, e ó número de cuatrimestres naturais no suposto de autorización de temporada, que resten para rematar o ano, incluído o de comenzo da utilización ou aproveitamento especial.
3. Asímesmo, e no caso de cese na utilización privativa ou aproveitamento especial as cuotas serán prorrateables por semestres naturais no suposto de autorización anual e por cuatrimestres naturais no suposto de autorización de temporada, computando no prorrateo aquel no que se produce o cese.

Artigo 7º. Normas de xestión

1. A taxa xestionarásese a partires do padrón da mesma, que se formará anualmente polos Servicios Económicos do Concello en base ós datos aportados polo Servizo de Urbanismo antes do 15 de febreiro de cada ano, e as cotas se recadarán mediante recibo.
2. Así mesmo, o Servizo de Urbanismo comunicará ós Servicios Económicos os decretos de concesión de licencias para o aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público para practica-la liquidación provisional pertinente, que será notificada ó suxeito pasivo, e posterior inclusión no Padrón do período impositivo seguinte.
3. No caso de baixa, anulación, revogación e modificación das licencias concedidas polo Servizo de Urbanismo, se lle comunicará ós Servicios Económicos a efectos de proceder á exclusión ou modificacións do Padrón que correspondan.

Artigo 8º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación